

#3706

ENTREVISTA A RAFAEL BUDIÑO

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_CaRi_0002_B_id3706_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_CaRi_0002_B_id3706.mp4
TIPO DE DOCUMENTO:	Etnográfico xeral
MATERIAL DISPOÑIBLE:	Ficha de contexto, transcripción e fotografías. Vídeo resumo editado mp4.
DATA DE RECOLLIDA:	martes, 26 de setembro de 2023
LOCALIZACIÓN:	
Localización:	Instalacións da Asociación Sueste (Antigo estaleiro de Carlagho)
Concello:	Moaña
Provincia:	Pontevedra
INFORMANTE:	
Nome:	Rafael Budiño Piñeiro
Idade no momento da recollida:	82 anos
Lugar e data de nacemento:	Moaña (San Martiño), 1941
Ocupación:	Carpinteiro de ribeira
COLECCIÓN:	Fondos da Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI)
ENTREVISTA REALIZADA POR:	Isabel Vigo Rodríguez (APOI-MPG)
GRAVACIÓN REALIZADA POR:	Fernando Portela e Thomas Harris (IMACO)
EQUIPO DE GRAVACIÓN:	Sony FX6 e Sony A7SIII
ASISTEN Á GRAVACIÓN:	Ramón Collazo, Gerardo Triñanes e Lita Places (AGALCARI) así como o investigador local Xosé Carlos Villaverde.
DURACIÓN:	12'30"

Audio de referencia: MPG_CaRi_0002_B_id3706



CONTEXTO:

Vídeo editado das entrevistas realizadas a mestres carpinteiros de ribeira para o Proxecto de Rexistro e salvagarda do conxunto dos saberes patrimoniais arredor da carpintaría de ribeira da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, adxudicado á Asociación Galego de Carpintería de Ribeira (AGALCARI).

A gravación completa (01:02:12) pode consultarse no Museo do Pobo Galego de xeito presencial.

PALABRAS CHAVE: carpintería de ribeira, embarcacións tradicionais

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA E TRANSCRICIÓN: Isabel Vigo Rodríguez

TRANSCRICIÓN DO VÍDEO EDITADO:

Empecei a traballar de rapaz con catorce anos e sempre foi un oficio que sempre me gustou a pesar de que, (...) home, sempre foi un traballo moi pesado porque, porque bueno daquela había poucos medios e bueno pero bueno a min, a pesar de todo, sempre me gustou.

Cando empecei, dábannos un duro ao día, ganábamos un duro ao día, si. E bueno pois a min interesábame porque tiña que aprender con facilidade para mirar se podía ganar máis. Cando fun a traballar con este oficial, que fun para alí para Meira, pois e... pagábame tres duros. Pagoume tres duros, xa era bastante máis, non?

Ao maestro decíanlle máis ou menos as medidas que querían do barco e el facía un trazado, de aí sacaba as plantillas e dábanolas a nós, coas mangas, dábanolas a nós para que se empezaran a facer as cuadernas. Cando se empezaban a facer as cuadernas, aquel traballo, non sei, non che quero decir, era un traballo bastante fuerte porque andar coas pezas era unha serra coma esta que non era... porque en carpintería de ribeira por muita ferramenta que haxa sigue sendo un traballo artesano, no? Porque moitas ferramentas pois non se adaptan aos traballos que hai que facer na carpintería de ribeira.

E bueno, empezabamos coas cuadernas, montábase primeiro (os pantoques para poñer a quilla encima, son uns picadeiros, os pantoques... os picadeiros home, perdón.) Os picadeiros e despois pois bueno, uns facían, traballaban na quilla xa para facerlle, preparando a quilla outros pois íbamos preparando as cuadernas. Encerrábanse, tínhamos a madeira alí abaixo no mar e subíase unha pouca para arriba, marcábanse as plantillas encima e na serra pois serrábanse e despois o resto facíase todo á man. Coa aixola pois collíamos os escantillóns que nos daba o maestro e bueno pois facíamos un taco de madeira así grande coma un gástallo e poñíase aí con unha cuña, poñíase aí e co mesmo aí pois facíamos as cuadernas hasta que quedaban preparadas as barengas para incrementar, montar unhas encima das outras e ir facendo a cuaderna.



Traballei aquí¹ no Carmucha e máis no Airiños e máis no José Manuel despois foi cando marchei con Fernando e traballei alí en Meira alí no Astillero de Casás que fixemos un barco para Guixar que lle chamaban o Elsiña. E despois marchei para Vigo, para o Astillero de Curbera para A Rioux. Alí xa eran palabras maiores, alí xa era un barco, un barco de 32 metros de madeira que para, estíbese facendo pa Chile, e bueno aquilo eran palabras maiores porque era un barco completamente desconocido ao que faciamos nós que levaba o que lle chamaban os espaldóns de proa, o sea, as cuadernas de proa, levábaas para arriba porque xa levaba un castillo, o sea, debaixo de aí levaba un castillo. Alí traballei desde os 17 hasta que marchei para a Marina.

E tamén traballei con un oficial que era de aquí de Domaio que lle chamaban señor Bermúdez. Ese era moi buena persona, polo menos para min. E alí case todo o tempo que estiven casi tamén estiven traballando... porque alí traballábase por parexas, non sabes? e alí case sempre estiven traballando con el.

E máis o de Marcelino Cancelas alá no Con, tamén. Había outro estaleiro que tamén traballara aquí, si. Alí co Marcelino este fixeramos un batel para ir ós campeonatos de España.

Foi a primeira vez que traballáramos con unha cola que se chamaba a cola casco, e bueno, faciamos, había que facer a suficiente para emplear naquel momento preciso. Máis a que había era con dous componentes, había, unha balanza electrónica que había que pesar os dous componentes e despois mezclala, mezclala, e bueno, se facías moito pois enduraba, eso había que tirar con el. De principio, bueno, fixemos un desastre, pero bueno, despois pouco a pouco, pois vaste adaptando xa mirando o que hai e fixemos aquel batel moi interesante. Tamén un traballo moi interesante, moi ... porque era a tres láminas, non sabes? Leva unha lámina para dentro a 45º, leva unha lámina por afora a 45º e despois leva unha toda así ao largo, leva toda así ao largo o que é como se se mirara, como se se mirara isto banceado por aquí e por adentro mírase as láminas así todas así a 45º, un traballo moi interesante.

Primeiramente fixemos un patrón, fixemos un patrón de poliespán, repasámolo todo. E traballábase a seis puntos de luz, dous na popa, dous no medio e dous na proa, non sabes. E despois, bueno, en principio, repasámonos e despois dabámoslle pintura branca, que coa pintura branca pois a medida que vas repasando, cando miras así pois miras onde quedan os pequeniños baches, donde quedan as pequenas esas e entónce pois bueno, repasábase alí.

Tamén traballábase con un nivel de agua sobre os varios puntos, non sabes? E bueno... era un traballo...

Despois, cando tivemos o patrón feito, pois cubrímolos cun plástico fuerte, para que despois o traballo non se pegara, non se pegara sobre, o sea, o que íbamos facer encima non se pegara contra o patrón, contra a madre. E bueno, despois alí despois empezamos a bancear, empezamos a bancear e pa bancealo traballábase cunha..., non sei se se traballa así noutros sitios, pero nós traballamos cunha cinta de persinas porque grapábase, non sabes? pa grapalo entónce a cinta de persiana víñanos moi ben porque tirábanos así entónce empezaba tras, tras, tras, tras e grapábase todo aí hasta que sacabas a primeira. Dabámoslle cola aquí nos cantos hasta que se acaba a primeira man. E

¹ Refírese ao taller de Casqueiro.



despois descarapábamos eso, descarapábamos eso e volvíamos a meter a outra parte da mesma maneira. (Risa)

Aquí o maestro poñía o que eran as prensas e as barrenas e ao mellor pois primeiro barrenábamos cunha barrena máis pequena e unha barrena cando estaba xa ou a barrena chegara xa ao fondo da quilla pois pasábase unha barrena que se chamaba unha barrena de cuchara para facer os buracos máis grandes, non sabes? e esa ferramenta toda poñíaa a carpintería. E despois nós: trenchas, cepillos, o garlopín, a garlopa, a machada, a aixola, toda a ferramenta manual si, poñíamola nós. Eu, por supuesto, teño cepillos, aínda teño algún cepillo que fixen eu á man.

Esta é unha das pezas máis importantes na carpintería de ribeira que se chama unha aixola. Con esto facíase un montón de traballos. Empezando polas cuadernas do barco hasta rematar onde fora porque era unha das pezas máis importantes de ribeira, a aixola.

Despois temos un bucel, chamámoslle nós aquí nesta parte, posiblemente noutra parte lle chamarán de diferente forma, era para adaptar certas pezas que hai que facerlle un escarbe en redondo. Este era meu, fíxeno eu tamén.

Este é un cepillo de volta, este tamén o fixen eu que era para onde hai voltas e non entra o cepillo normal. Pois traballabamos co cepillo de volta. Este é un cepillo normal de cepillar, de pulir a madeira e de cepillala.

E esta pois é a garlopa que era, que serve para correrlle os cantos aos banzos cando se fai os banzos pois córreselle o canto porque cada 32 centímetros, que é a separación que hai entre cuaderna e cuaderna ou que había aquí entre nós, pois tómase un escantillón e despois ese escantillón pásaselle ao banzo que se vai facer e despois cando está feito pois para que salga corridiño, para que salga ben, (...) pois pásaselle esto que se chama unha garlopa para endereitar o canto.

O que era moi difícil de conseguir eran os ferros de calafate. Eu a través de algún compañeiro e tal e outros pois fun conseguindo que hoxe esto xa non se encontra, esto é ouro vivo.

Este é o antigo mazo que levaba aquí unhas anillas de ferro para eso era bastante bo pero despois de que veu esto de, como lle chaman, silicona. Estes cantan que é unha marabilla. Entonces calafateas e esto canta que é unha chulada.

O fío de estopa fiábase a estopa e enleábase aquí, enleábase aquí no brazo para a medida que ibas metendo, levabas na man e ibas metendo e ibas leando e ibaslle dando. Falamos que este era o de abrir. Este e máis este son os de calafatear porque son máis finos, son os de calafatear para xa cando tiña a costuriña aberta pois con estes ibas calafateando. E este que miras como leva aquí unha auchabiña que leva aquí, este era o de rebatir. Cando estaba calafateado xa pois ao mellor quedaba un pouquiño fóra a estopa porque non entraba ben con este ferro. E o que había xa aberto na costura do banzo era moi dura e entón con este rebátese porque ten esta costuriña aquí así e rebátese para que quede por toda igual. A estopa con este ferro queda todo igual que se chama o de rebatir.

A estopa ben así e entón que hai, esto así enteiro non se pode meter porque é moi gordo entón desfáise pola mitad, encima da perna vaiselle dando así e vaise facendo o fío de estopa. Cando está feito que se fai moi largo pois como falábamos antes, enléase todo así aquí e xa o vas levando aquí e ca mesma xa vas metendo e vaslle dando.

FOTOGRAFÍAS:



De esquerda a dereita: Gerardo Triñanes, Ramón Collazo, Xosé Carlos Villaverde e Rafael Budiño antes da gravación da entrevista.



Momentos previos á entrevista nas instalacións da Asociación Sueste de Moaña, antigo estaleiro Carlagho.